



Reunión Extraordinaria da Comisión de Traballos de Fin de Grao en Enxeñaría Química

Data: 13-05-2020

Texto da Convocatoria:

1. Revisión do sistema de avaliación de TFG, se procede
2. Quenda Aberta

Asistentes: A. Franco, M. S. Freire, S. González, J.M.Garrido, A. Mosquera

Xustifican ausencia:

O día 13 de maio ás 16:00 h reúnese en convocatoria extraordinaria a Comisión de Traballos de Fin de Grao do Departamento de Enxeñaría Química, de maneira non presencial, utilizando a ferramenta *MS Teams*, cos asistentes e a orde do día arriba citados.

1. Revisión do sistema de avaliación de TFG

A secretaria informa que se recibiron correos electrónicos da profesora Isabel Vidal e da delegada de 4º curso polas dificultades para conseguir información, e a súa preocupación, porque non saben se van a poder presentar os TFG coa calidade que esixe a rúbrica. Moitos destes problemas os tiveron debido ao retraso na dispoñibilidade do Autocad e HYSYS, e a dificultade para acceder a bibliografía durante a elaboración do seu traballo de fin de grao.

Suxírese a posibilidade de modificar o sistema de avaliación ou facer consideracións á aplicación da rúbrica.

A Comisión de TFG comparte algúns destas consideracións e preocupacións, nembargantes, ao ser unha materia que xa foi avaliada na convocatoria de febreiro neste curso académico e tendo en conta as instrucións da USC sobre da avaliación, na situación actual non se permite modificar os criterios de avaliación. A Comisión decide solicitar aos profesores, nun próximo Consello de departamento, que teñan en conta esta situación á hora de facer a avaliación dos TFGs na convocatoria de xullo. A presidenta da Comisión encargárase de preparar un correo para enviar á secretaria do departamento para incluír nun punto na orde do día.

2. Quenda Aberta

Non houbo intervencións.


Sen mais asuntos que tratar, dáse por finalizada a reunión ás 16:38 h.

En Santiago de Compostela, a 13 de maio de 2020

VºBº



Asdo.: M. Sonia Freire
Secretaria da Comisión



Asdo.: Anuska Mosquera Corral
Presidente da Comisión